

Obxecto:	Resposta do Promotor ao Informe sobre o Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Paraño Oeste
Concellos:	Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense)
Promotor	Eólica Galenova S.L.U
Remitido:	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN661A DXIEM-02/11
Expediente:	03.I.433.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía)

O 22.12.2021 ten entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se da traslado da documentación presentada polo promotor en resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 25.11.2021, relativo ao Parque Eólico Paraño Oeste. A este efectos facilítase a ligazón web para descargar a documentación.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 25.11.2021, a directora xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente o *Estudio de impacto ambiental referido al Proyecto de Ejecución Parque Eólico Paraño Oeste y conexión de evacuación, en el término municipal de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) Octubre 2020 e Proxecto Sectorial Parque Eólico Paraño Oeste, término municipal de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) Julio 2021* coas medidas correctoras establecidas no Anexo 7 do EsIA, e tendo en conta as seguintes consideracións e condicións:

- Deberán desprazarse os viarios de nova creación que se localizan dentro das áreas de protección dos seguintes bens:
 - Mámoa do Casteliño (GA32011046): viario dende a SET ata o PÑW-17.
 - Campo da Mámoa/ Mámoa de Fixo (GA36018057), Túmulo do Campo da Mámoa 2 (GA36018089), e a Neveira (GA36018058): tramo nova execución.
- As ampliacións dos viarios as gabias de cableado nas zonas de protección dos bens arqueolóxicos: Campo da Mámoa/Mámoa de Fixo (GA36018057), Túmulo do Campo da Mámoa 2 (GA36018089), Túmulo do Campo da Mámoa 3 (GA36018090), Mámoa da Portela (GA32011017), Posible Túmulo da Costoia, só poderán realizarse mediante aporte de terras, e pola marxe mais afastada do xacemento. Ditos traballos deberán realizarse baixo control arqueolóxico presencial e continuo.
- As modificacións terán que ser informadas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muiños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Os traballos de replanteo e construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico. A tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado as consideracións e condicións deste informe, e ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). En todo caso, o proxecto arqueolóxico recollerá as medidas correctoras xerais e específicas sinaladas no Anexo 7 do EsIA.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres



tanto de obra nova relacionada co parque eólico proxectado coma de zonas de amoreamento de materiais.

- Rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos arqueolóxicos.
- O proxecto sectorial deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse na planimetría.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade* (DOG núm. 242, do 01.12.2020).

A documentación agora achegada contén o *Informe Estudio de Impacto Ambiental y sectorial DXPC. Parque eólico Paraño Oeste y Conexión de evacuación. Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) (Diciembre 2021)*, documento no que a empresa promotora mostra a súa conformidade co informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e manifesta a imposibilidade técnica de executar algunhas das condicións establecidas no antedito informe desta dirección xeral para as que propoñen medidas compensatorias. De acordo con el pódense facer as seguintes consideracións:

- Modifícase o viario de acceso ao PNW-17 así como a súa plataforma, desprazándoo cara o norte para non afectar con obra nova o contorno de protección da **Mámoa do Casteliño (GA32011046)**.
- O vieiro de acceso do PÑW-11 ao PÑW-17 (p.k. 0+160 a 0+630), axustase a traza do camiño existente, o acondicionamento redúcese á mellora do firme e perfilado de cunetas. Descorre polo límite NW do posible ben, **Posible túmulo de A Costoia (RE36018008)**. A gabia de cableado discorre pola marxe oposta ao ben. Non se establece medida correctora.
- No vieiro de acceso do PÑW-11 ao PÑW-17, deséñase un enlace entre dous camiños existentes mediante unha curva de 90 m de radio (para o xiro dos transportes). O enlace executarase en terraplén, reducindo a escavación a unha cuneta de 1 m de ancho no lado interior da curva. A solución proposta reduce a ocupación de terreos e movementos de terras. Estas obras localízanse no contorno de protección dos xacementos **Campo da Mámoa 1 (GA36018057)**, **Campo da Mámoa 3 (GA36018090)** e **Campo da Mámoa 2 (GA36018089)**. Proponse como medida compensatoria a realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas nas áreas de nova ocupación dos desmontes.
- O sobreancho 1 do vieiro de acceso do PÑW-11 ao PÑW-17, aproveita ao máximo o camiño existente, sendo necesario a creación de taludes de desmonte e terraplén de xeito puntual, e moi limitados tendo en conta a orografía. A obras proxéctanse na área de cautela da **Neveira (GA3601858)**. Proponse como medida compensatoria a realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas nas zona onde levaranse a cabo os desmontes e movementos de terra.
- En relación coas obras (vianos de nova creación) nas áreas de protección dos xacementos **Campo da Mámoa/ Mámoa de Fixo (GA36018057)**, **Túmulo do Campo da Mámoa 2 (GA36018089)** e **A Neveira (GA36018058)**, non é posible o desprazamento de ditos tramos a outras zonas pola topografía existente (maior afección ambiental) e, por outra banda os condicionantes do deseño do viario (rasantes, pendentos, radios mínimos de xiro) non permiten realizar sobreanchos en



terraplén, realizándose desmontes en puntos moi concretos, estando deseñadas en terraplén as zonas de maior ocupación. Dado estes condicionantes propónse como medida compensatoria: a realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas nas áreas de nova ocupación que se desmonten nas áreas de protección dos bens.

- Previo ao inicio das fase de construción presentarán a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos exteriores ao parque.
- Previo ao inicio dos traballos de replanteo e construción presentarase un proxecto arqueolóxico onde se recollerán as medidas correctoras xerais e específicas sinaladas no Anexo 7 do EsIA.
- Expoñen que ao finalizar o proceso de control arqueolóxico do proxecto, certificarase o estado final dos elementos arqueolóxicos.
- Unha vez aprobadas as consideracións xa especificadas, así como calquera outra que puidesen ser requirida, previamente a aprobación definitiva do Proyecto Sectorial serán incorporadas a este documento.

INFORME

A nova documentación dá conta dos requirimentos do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural 25.11.2021.

Á vista da documentación achegada se informa de xeito **favorable** o *Informe Estudio de Impacto Ambiental y sectorial DXPC. Parque eólico Paraño Oeste y Conexión de evacuación. Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) (Diciembre 2021)*, mantendo o condicionado do antedito informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e establecendo novas medidas correctoras:

- Realizaranse sondaxes arqueolóxicas valorativas nas áreas de protección dos xacementos **(GA36018057) Campo da Mámoa 1, (GA36018090) Campo da Mámoa 3 e (GA36018089) Campo da Mámoa 2, e na Neveira (GA3601858)**, en toda a superficie onde sexa necesario levar a cabo movementos de terras para a realización das obras. Ditas intervencións arqueolóxicas realizaranse previo ao inicio dos traballos de construción da infraestrutura eólica, a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997) e que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Os resultados das intervencións deberán ser remitidos á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que como organismo competente en materia de Patrimonio Cultural, decidirá sobre a conveniencia de adoptar outras medidas correctoras.
- En relación co **Posible túmulo de A Costoia (RE36018008)**, deberá verificarse a súa natureza arqueolóxica que no caso de confirmarse deberá delimitarse e balizarse antes do inicio das obras. Os movementos de terras que sexa necesario realizar (perfilado de cunetas, escavación da gabia pola marxe mais afastada do elemento, obras de mellora do firme do viario existente) na área de protección do ben realizarase un control arqueolóxico intensivo e presencial.
- O acondicionamento do vieiro de acceso ás máquinas PÑW-9 e PÑW-10, e a gabia de cableado que discorren polo contorno de protección da **Mámoa da Portela de Alvite (GA32011017)** realizaranse baixo control arqueolóxico intensivo e presencial, asemade a gabia executarase pola marxe mais afastada do xacemento.
- Os traballos de construción do parque eólico e a súa liña de evacuación realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997).
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no Anexo 7 do Estudo de Impacto Ambiental. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o





control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.

- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico e a liña de evacuación proxectada coma de zonas de amoreamento de materiais.
- Os bens identificados Anexo 7 deberán ser recollidos na planimetría do Proxecto Sectorial cos seus contornos de protección, e os concellos deberán incluílos nos seus planeamentos de ordenación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

